



UN TERAPEUTA OCUPACIONAL DO CHUVI PUBLICA UN LIBRO SOBRE A INSERCIÓN LABORAL DOS PACIENTES CON DISCAPACIDADE

- *O profesional Luis Márquez firma esta obra, que é o primeiro manual en lingua española que trata esta temática*
- *O traballo é un elemento angular na vida das persoas, que aporta unha independencia e autonomía real*
- *O obxecto do libro é axudar aos terapeutas ocupacionais a establecer mellores procesos para posibilitar a reincorporación laboral destes pacientes*

Vigo, 30 de xuño de 2023. O terapeuta ocupacional da Unidade de Atención Temperada do servizo de Rehabilitación do Chuvi, Luis Márquez Álvarez, acaba de publicar o libro "Terapia ocupacional e Inserción Laboral" na editorial Síntesis.



A terapia ocupacional é unha disciplina que ten por obxectivo conseguir a máxima independencia dos pacientes con discapacidade nas súas actividades diarias. Neste contexto, o traballo é un elemento angular na vida das persoas, que resalta o valor do significativo e aporta unha independencia e autonomía real.

O autor, que tamén é doutor pola Universidade de Salamanca explica que "o traballo remunerado é indispensable para unha vida plena, e o seu dereito é algo indiscutible; por isto, este libro xorde co fin de axudar a establecer mellores procesos de reincorporación laboral ou de lograr a inclusión de diferentes colectivos, así como de concienciar do importante rol que cumpre a nosa profesión nese obxectivo".



Primeiro manual español

A obra é o primeiro acercamento dun libro en lingua española sobre a terapia ocupacional na inclusión laboral. "Non existía ningunha obra previa que se trata esa temática no noso idioma, a pesar de que o uso terapéutico do traballo e a reincorporación ao mesmo é un dos piares fundamentais nos que se asenta a terapia ocupacional. Foi o traballo de 3 longos anos onde tratei de abordar o tema desde unha vertente legal, científica e práctica", asegura Luis Márquez.

Para tal fin o texto reúne diferentes materiais, estudos e guías que permiten desenvolver múltiples estratexias de intervención que aumenten a independencia da persoa ou grupos, tanto desde unha perspectiva teórica como desde una aplicación práctica. Así, nas súas páxinas ofrece unha serie de bases que permita desenvolver unha implementación eficaz nos procesos de acompañamento laboral das persoas con discapacidade, desde aspectos motores e cognitivos como sociais ou empresariais. Lonxe de ofrecer unhas pautas ríxidas, proporciona material para poder establecer unhas prácticas orientadas á individualidade da persoa.

A terapia ocupacional é unha profesión sanitaria en constante crecemento e cada vez máis demandada. "Como profesionais encargados de conseguir a máxima independencia nas actividades diarias, empeza a estar cada vez máis incluída en servizos de rehabilitación física ou en recursos de saúde mental e comunitaria".

Este libro non é só unha obra de referencia, senón tamén un xeito de visibilizar o traballo destes profesionais na procura de dar resposta á demanda destes pacientes, que é dispoñer dunha vida independente e autónoma. "E iso pasa pola capacidade de poder desempeñar un traballo de maneira plena", conclúe Luis Márquez.